

BASES DO CONCURSO “ENCHE BETANZOS DE GLOBOS” DA ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DE BETANZOS CENTRO COMERCIAL ABERTO

A Asociación de Comerciantes e Empresarios de Betanzos, Centro Comercial Aberto (ACEBE CCA), coa colaboración do Concello de Betanzos, convoca o concurso “ENCHE BETANZOS DE GLOBOS”.

PARTICIPACIÓN

Pode participar calquera persoa que o desexe. Para participar terá que seguir os seguintes pasos:

- 1.** Confecciona un globo do formato que queiras: maqueta, manualidade, cartel, debuxo, etc
- 2.** Leva o teu globo a algún dos establecementos asociados a ACEBE CCA que participen na iniciativa para que o expoña no seu escaparate ou nalgún lugar visible do seu local. Fai unha fotografía do globo exposto no negocio e envíanola. Podes consultar a lista de negocios inscritos na web www.comerciodebetanzos.com.
- 3.** Envía a fotografía, xunto cos datos persoais do autor do globo (nome e apelidos e teléfono de contacto) e o nome do establecemento no que está exposto ao correo electrónico: betanzosacebe@gmail.com. O prazo para enviar as fotografías comeza o 9 de agosto e termina o 27 de agosto de 2024.
- 4.** O xurado, composto por membros da xunta directiva de ACEBE CCA, reunirse o día 29 de agosto de 2024 para valorar as fotografías e elixir as gañadoras. Valorarase que o traballo sexa inédito (que non participase na primeira edición do concurso). A asociación contactará coas persoas gañadoras para comunicarlles o premio que recibiron. O resultado do concurso publicitarase a través das redes sociais de ACEBE CCA e na edición de setembro do periódico “Betanzos e a súa comarca”.

NEGOCIOS COLABORADORES

Os negocios colaboradores aos que poden levarse os globos para expoñer son os seguintes:

Bicos, Colors, Alecrín, O Ekolar, Lencería Alicia, El Cantón Ropa Interior, Librería Biblos, Óptica Brigantium, Miraqué linda, Dans, Moita Miga, Xoma Kids, Zentral Óptica, Occident e Óptica, Parafarmacia, Herboristería Selgas.

PREMIOS

Establécense 2 categorías e un premio por categoría que consistirá en acebecheques para cada un dos premiados, para consumir en calquera dos establecementos asociados a ACEBE CCA.

Establécense as seguintes categorías:

-Infantil

-Adulto

Establécense os seguintes premios:

-1º Premio categoría Infantil: 30 euros en acebecheques.

-1º Premio categoría Adulto: 30 euros en acebecheques.

PREMIADOS

Unha vez que o xurado determine as dúas fotografías gañadoras, persoal de ACEBE CCA comunicarllo ás persoas premiadas para coordinar a entrega do premio.

A data límite para recoller o premio é o venres **13 de setembro de 2024**.

A data límite para trocar o acebecheque é o **11 de outubro de 2024**.

Os acebecheques só poderanse trocar nos establecementos asociados a ACEBE CCA. Cada acebecheque deberá ser trocado integramente nunha compra ou consumición de importe igual ou superior ao valor do mesmo. Se a compra ou consumición fose de importe inferior ao acebecheque non poderá recibir o cambio correspondente, perdendo a diferenza. Non se permite a utilización do acebecheque como medio de disposición de efectivo.

CONDICIÓN XERAIS DO CONCURSO

As persoas participantes comprométese a enviar fotografías de globos realizados por elas mesmas. Os premios só se entregarán ás persoas que realizasen a maqueta, manualidade, debuxo, etc.

A persoa premiada cede os seus dereitos de imaxe para as reportaxes fotográficas, informativas e promocionais en calquera soporte divulgativo relacionado co concurso “ENCHE BETANZOS DE GLOBOS” de ACEBE CCA.

Non poderán participar no concurso os empregados de ACEBE CCA nin os membros da Xunta Directiva da Asociación. O premio só poderá ser entregado a persoas maiores de idade. No caso dos premiados menores de idade, a entrega realizarase aos seus titores legais, que deberán acreditar documentalmente a súa condición.

Nin ACEBE CCA nin os establecementos rexistrados nesta iniciativa fanse responsables de calquera dano ou desperfecto que se puidese ocasionar nos globos (en calquera dos seus formatos) durante o período de exposición dos mesmos.

Os concursantes poderán consultar as bases do presente concurso durante o período no que estea vixente a promoción na páxina web www.comerciodebetranzos.com.

A participación no concurso implica a aceptación íntegra das bases.

Utilización publicitaria do nome do gañador e Protección de datos

O premiado cede os seus datos e dereitos de imaxe para as reportaxes fotográficas, informativas e promocionais en calquera soporte divulgativo relacionados co concurso “Enche Betanzos de globos” de ACEBE CCA sen que esta utilización lle confira dereito de remuneración ou beneficio algún. A participación no sorteo implica a aceptación desta cláusula.

Fraude

No caso de que se detectase calquera anomalía ou se sospeite que un participante está a impedir o normal funcionamento do concurso, este será eliminado do mesmo.

Toda cuestión que puidese xurdir na interpretación ou aplicación das presentes bases será resolta pola organización do concurso, e así mesmo reservándose o dereito para emprender acción xudiciais contra aquelas persoas que realicen un acto susceptible de ser considerado manipulación ou falsificación do concurso.

PROTECCIÓN DE DATOS

Os datos de carácter persoal proporcionados polo gañador da presente promoción (nome, apelidos e teléfono), serán tratados coa finalidade de xestionar o desenvolvemento da presente promoción, permanecendo nun ficheiro cuxo responsable é ACEBE CCA. Os datos serán conservados durante o período de desenvolvemento do concurso. O gañador do concurso autoriza expresamente a ACEBE CCA a difundir o seu nome e apelidos nas reportaxes fotográficas, informativas e promocionais relacionadas co concurso “Enche Betanzos de globos” de ACEBE CCA.

O participante poderá exercer en calquera momento os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, limitación do tratamento e portabilidade dos seus datos, dirixíndose a ACEBE CCA. Á Pza. Mestre Xosé Dapena Nº1. 15300 – Betanzos (A Coruña), a través dun escrito asinado para o efecto achegando unha fotocopia do D.N.I. Así mesmo, ten dereito a presentar a súa reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos.

